SEMANA
Luns 25-Venres 29



Queridas familias!

Como xa sabedes, o noso personaxe favorito, Phileas Fogg, chegou ao seu seguinte destino, Xapón, un país abraiante que iremos coñecendo durante estos días.

Luns 25

Reto MUSICAL

Para saber de que trata o reto de hoxe tendes que pinchar na imaxe o no seguinte enlace:
https://view.genial.ly/5ec99a45ad9c9e0d8e20820a/presentation-reto-9xapon

Podedes enviar as vosas fotos ou vídeos a este enlace:

https://www.dropbox.com/request/5kb5JK04EW8vkDd2etJj

Ou a esta dirección de correo:
musicanosalgadotorres@gmail.com

RECORDADE envialas antes do **domingo 31 de maio**!

Luns 25

RETO MOTRIZ

ENCESTAMOS!

Que materiais precisamos para o reto de hoxe?

- Rolos de papel hixiénico.
- Platos de papel ou cartón para facer os aros.
- Rotuladores ou pinturas para decorar os aros e os rolos de papel.

O obxectivo do reto é lanzar os "aros" e encestar nos rolos de papel hixiénico.

A POR ELO!

Martes 26

LECTOESCRITURA

Xa sabemos escribir o noso nome con xeroglíficos exipcios, pois agora toca coñecer outras letras igual de raras e especiais, as que corresponden á escritura xaponesa. Esta é un pouco máis complicada, dado que o sistema de escritura xaponés non é alfabético, en moitas ocasións usan sílabas, sabedes o que é unha sílaba?

Podedes descubrir como se escribe o voso nome ou o dos vosos amigos, familiares, escribíndoos neste enlace. Animádesvos a copialos con rotulador ou...(máis difícil todavía) con pincel?

https://lexiquetos.org/nombres-japones/

Martes 26

LECTOESCRITURA

Tamén o podedes intentar con TINTA INVISIBLE!!

Precisamos:

- Un folio branco.
- Un limón.
- Un chisqueiro ou unha candea (con axuda dun adulto).
- Un pincel.

- Para comezar, espremos o limón e botamos o zume no vaso.
- Collemos o pincel, mollamos a punta no zume de limón e facemos un debuxo ou escribimos un texto no folio en branco.
- Deixamos secar uns minutos.
- A continuación, levantamos o folio e pasamos a chama do chisqueiro por debaixo, nun movemento cara atrás e cara adiante (sen queimar o papel).

Como veredes, pouco a pouco irá aparecendo como por arte de maxia o voso debuxo ou mensaxe.

Martes 26

LECTOESCRITURA

Como todavía non somos expertos/as podemos utilizar este “alfabeto” para localizar e recortar as letras do noso nome ou dos que queiramos formar e comprobar se coincide co que aparece no enlace anterior.

Ímonos convertir en políglotas!!!

Martes 26

RETO MOTRIZ



VASOS CON AUGA E PELOTA!

Para o reto motriz de hoxe, simplemente precisamos vasos de plástico ou papel cheos de auga e unha pelota de ping-pong.

Como podedes ver na imaxe, temos que poñer a pelota no primeiro vaso é soprar para conseguir que pase dun vaso a outro.

SEGURO QUE O CONSEGUIDES!

Mércores 27

ENGLISH

Dende o enlace do blog podedes acceder ás tarefas colgadas no WAKELET:

https://keepenjoyingenglish.blogspot.com

As propostas para hoxe son as seguintes:

3, 4 e 5 anos:

- Rutinas diarias: canción dos días da semana, números e o tempo no almanaque.
- Visualizar e repasar as cancións dos Pandas, ver este conto.
- Facer un panda con plastilina caseira (https://www.youtube.com/watch?v=pS4wKBDqjZ4&feature=youtu.be). Ingredientes: auga, aceite de xirasol, fariña, maicena e sal. Para facer as orellas e os ollos, podedes facelos con papel debuxado.

ANIMÁDESVOS?

- Se vos atrevedes a facer a cara dun panda, podedes enviar as fotos a rachelatsalgadoschool@gmail.com e colgaranse no WAKELET.

Mércores 27

RETO MOTRIZ

XOGAMOS CON TOALLAS E PELOTA!

Algunha vez utilizastedes unha saba ou toalla para xogar con pelotas?

Pois...é o que precisamos para o reto motriz de hoxe, unha saba ou toalla e unha pelota.

Temos que poñernos por parellas, suxeitando cada un un extremo da toalla ou saba. O obxectivo é lanzar a pelota movendo a toalla.

Xoves 28

Lóxica matemática

Xapón é un país asombroso! Unha das cousas que, seguro, máis gustou ao señor Fogg, foron os seus templos. Nestes lugares fanse diferentes rituais. Un deles é adiviñar o noso futuro a través dos OMIKUJI. Trátase de sacar un palillo dunha caixa. Nese palillo hai un código que abrirá un caixón no que atoparemos un papel no que está escrito o noso futuro. As profes sacamos un para todos os nenos e nenas do cole e isto é o que poñía...

Xoves 28

Lóxica matemática

Non sei vós, pero eu non entendo nada...pero se vos digo que si traducimos iso pon "**SUDOKU**", xa sabedes de que falamos? Seguro que sí...pois ese é o noso futuro para hoxe. Intentar resolver estos pasatempos xaponeses.



Recordade que se trata de encher os ocos con números (ou debuxos) que non estén repetidos na mesma cuadrícula nin na mesma liña, tanto en horizontal como en vertical. Deixámosvos un par de cuadrículas soltas para que, os que nunca fixeron un Sudoku, practiquen simplemente buscando o que falta...podedes facer as que queirades e escoller entre facelo con debuxos ou con números, XOGAMOS?

A continuación deixámosvos, tantos os números como os debuxos, para que escollades entre os que fagan eles ou que os recorten e peguen...

1	2	3	4

1	
2	4

1	3		4
2		1	3
4	2	3	
	1	4	2

Xoves 28

RETO MOTRIZ

CIRCUITO DE PÉS E MANS!

Cando visitamos a INDIA, propuxémosvos un reto motriz no que tiñamos que construir un circuito cas pegadas dos elefantes,

acordádesvos dese reto?

Pois o de hoxe é parecido! En vez de usar as pegadas dos elefantes, imos usar as pegadas de pés e mans que vos deixamos a continuación.





Venres 29

ARTE

Coñecedes a **Yayoi Kusama**?

É unha artista xaponesa á que lle encantan os lunares. As súas obras son unha pasada. Esta artista recibiu numerosos premios e convertiuse na primeira muller xaponesa que conseguiu o *Praemium Imperiale*, un dos premios máis prestixiosos de Xapón para artistas recoñecidos internacionalmente. As súas obras conectan dunha maneira moi especial cos máis pequenos. Aquí tendes algunhas das súas obras de arte, hai moitas máis, se queredes podedes investigar máis sobre ela!



Venres 29

ARTE

PROPOSTAS:

- Crear as vosas propias obras de arte simulando a Yayoi.
- Podedes decorar caixas de cartóns, cabazas...
- Facer collage.
- Facer composicións, por exemplo con tapóns.

Exemplos:

Venres 29

ARTE

Se queredes, tamén podedes colorear algúns debuxos simulando as súas obras:









Venres 29

RETO MOTRIZ

RELAXÁMONOS FACENDO IOGA!

Vémonos a próxima semana cun novo destino!